



EMERXENCIA CLIMÁTICA:

Calculadora da nosa pegada ecolóxica

oma@udc.gal



Un desenvolvimento non sustentábel





COP25: 3 claves del polémico nuevo acuerdo por el clima (y por qué dicen que fracasó)

Redacción
BBC News Mundo

9 horas



Prensa internacional

Principales noticias

El Confidencial

JORNADA FINAL DE LA CUMBRE DEL CLIMA

La COP25 de Madrid se encamina al fracaso: los países tratan de salvarla a última hora

Durante toda la noche del viernes y la mañana del sábado se han estado desarrollando reuniones aunque el bloqueo continúa y todavía no se ha consensuado un texto



Prensa de España

Valoración do ecoloxismo galego

<http://adega.gal/novas.php?id=909&idioma=gl&sec=7>

13/12/2019 Terminou a COP25 en Madrid

...mais a COP25 fracasou:

O acordo ao que finalmente se chegou non ten forza e non vai traer solucións. Os diferentes gobernos e as grandes empresas, as multinacionais, non cederon nos seus intereses, e seguen adiando a solución posible.



Inicio / Novas / ADEGA Nacional / A COP25, un novo fracaso na loita contra o Cambio...

16-12-2019

A COP25, un novo fracaso na loita contra o Cambio Climático

O pasado venres 13 de decembro finalizou a vixésimoquinta Conferencia das Partes (COP, das súas siglas en inglés), o órgano supremo de toma de decisións da Convención Marco das Nacións Unidas sobre Cambio Climático (CMNUCC) que se celebra cada 5 anos.

Ante un case fracaso total do cumio, houbo que agardar até onte, domingo 15 de decembro, para pechar un acordo definitivo entre as Partes que resta mundial contra o cambio climático, impedindo neste cumio establecer as medidas necesarias para acadar o obxectivo de emisións cero para 2050.

O contexto no que se desenvolveu a COP25

Esta COP25, presidida por Chile e con sede en Madrid, supuña un novo reto por ser a última COP antes da entrada en vigor do Acordo de París do 2015 ao 2020. Neste acordo do 2015 os países membros comprometéronse a realizar as accións necesarias para que a temperatura do planeta non superase a finais de século os 2°C respecto a niveis preindustriais, e incrementar ao máximo os esforzos para limitar este incremento por debaixo dos 1,5°C. Lonxe de chegar a acadar estes obxectivos e de cumprir as primeiras follas de ruta que se estableceron antes de 2020, nos últimos anos incrementáronse aínda máis as emisións de Gases de Efecto Invernadeiro (GEI) á atmosfera, acadando a cifra récord de 415 partes por millón (ppm) de CO2 na atmosfera en abril de 2019. Neste contexto a ONU ditaminou que se teñen que



A PEGADA ECOLÓXICA NA UDC

A Universidade da Coruña, a través da Oficina de Medio Ambiente, Vice-reitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental, realizou un estudo sobre a pegada ecolóxica da súa actividade, cos primeiros resultados para o ano 2007 (nos eidos de edificación e uso de enerxía e auga nos centros), que se completaría no ano 2008 coa pegada da mobilidade, papel e residuos.

Sabes cal é a pegada da túa Universidade?

Para o cálculo da pegada ecolóxica na UDC tiveronse en conta os seguintes factores:


- Consumo de enerxía eléctrica
- Consumo de gasóleo e derivados
- Emisións derivadas da construción dos edificios
- Emisións produto dos desprazamentos da comunidade universitaria
- Consumo de auga
- Consumo de papel (virxe e reciclado)
- Xeración de residuos
- Territorio ocupado polos campus

A pegada ecolóxica da UDC é de


3.475 Ha

Resultados para a UDC:


Distribución da pegada ecolóxica da UDC por zonas




Distribución da pegada ecolóxica da UDC por compoñentes



Distribución da Pegada Ecolóxica da UDC por compoñentes



Medios de transporte para ir a UDC





Velaí a **Emerxencia Climática!**

A temperatura media vai subir máis de 2 °C nas próximas décadas

Dito así ben podíamos pensar que algo bo traerá, un pouco máis de calor no inverno galego! ...mais esa non é a cuestión: O problema é o descontrol que causa no clima: olas de calor, ventos e furacáns que na Galiza descoñecemos até hoxe, secas prolongadas e frecuentes, subida do nivel do mar que pode facer desaparecer moitas das praias, mesmo vilas e cidades da costa, cambios nos hábitats, perda de biodiversidade, invasións de especies que antes se limitaban a outras áreas do planeta....

A NOSA PEGADA ECOLÓXICA: Aquí entra a nosa responsabilidade como persoas



Por iso, OMA e Cartolab da UDC, estamos traballando nas ferramentas de cálculo da pegada ecolóxica:


Ferramentas xeoparticipativas para a sustentabilidade ambiental

Propoñemos unha sinxela aplicación que axudará a ver con claridade que hábitos fan que aumente a pegada ecolóxica.

Breve descripción das ferramentas colaborativas baseadas en software libre para analizar na UDC e no seu entorno os seguintes aspectos medioambientais:

1. A pegada ecolóxica: mobilidade, enerxía, residuos
2. A pegada hídrica

Participa e compárteas!



<https://emapic.es/>

info@emapic.es

Que é o Emapic?

Servizo creado desde a UDC para xenerar información xeográfica de forma colaborativa, e analizala sobre os mapas en tempo real.

O Emapic é obra do Laboratorio de Cartografía (CartoLab), localizado na ETSE Camiños, Canais e Portos.



***OPINA E
POSICIÓNATE!***

Pegada ecolóxica



<https://emapic.es/custom/oma>

Mapa da pegada ecolóxica (emisións de CO₂)



Pegada ecolóxica por mobilidade

Comproba as emisións de CO₂ que causan os teus hábitos actuais nos desprazamentos que realizas de maneira regular.

Participar



Pegada ecolóxica por xeración de residuos

Comproba cantos residuos sólidos xeras diariamente, canto axudas á súa separación e como se traduce en emisións de CO₂, ademais de suxerirte como mellorar na redución dos mesmos.

Participar



Pegada ecolóxica por consumo enerxético

Comproba as emisións de CO₂ que causan os teus hábitos actuais en consumo de combustibles fósiles e electricidade no fogar.

Participar

Calcular a PE: factores de emisión

Pegada ecolóxica dos **residuos** non reciclados

$PER \text{ (kg CO}_2\text{/ano)} = \text{Residuo (kg/d)} * (1 - \%RS/100) * 0.61 \text{ (kgCO}_2\text{/kg Residuo)}$
* 365 días/ano.

Media galega (1,2 kg residuos/día, 12% de RS): 235 kg CO₂/ano

Máximo (2,0 kg/d, 0%RS): 445 kg CO₂/ano.

Factor de emisión de CO₂ segundo o medio de **transporte**

Medio de transporte	Coche (n.º de ocupantes)					Moto	Bus	Tren	Bicicleta	A pé
	1	2	3	4	5+					
kgCO ₂ /km·persoa	0,3	0,2	0,1	0,07	0,05	0,06	0,03	0,03	0	0
kgCO ₂ /100 km · persoa	30	15	10	7	5	6	3	3	0	0

Factores de emisión da **enerxía**

Origen e impacto ambiental de la electricidad consumida

*Su consumo medio diario en el periodo facturado ha sido de 0,80€.
Su consumo medio diario en los últimos 14 meses ha sido de 1,85€.
Su consumo acumulado del último año ha sido de 5.205 kWh.*

Empresa	kg CO ₂ /ano
Naturgy	2134
Media estado	1353
Nosa enerxía	0

2134 kg CO₂


Origen de la electricidad

Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A.



El sistema eléctrico nacional ha importado un 4,3% de producción neta total nacional.

Mezcla de producción
en el sistema eléctrico español 2018




Origen	Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A.	Mezcla de producción sistema eléctrico español
Renovable	4,9%	38,2%
Cogeneración de Alta Eficiencia	0,7%	4,4%
Cogeneración	11,3%	6,9%
CC Gas natural	19,2%	11,7%
Carbón	23,8%	14,5%
Fuel/Gas	4,3%	2,6%
Nuclear	34,0%	20,7%
Otras	1,8%	1,0%

Impacto medioambiental

El impacto ambiental de su electricidad depende de las fuentes energéticas utilizadas para su generación.

En una escala de A a G donde A indica el mínimo impacto ambiental y G el máximo, y que el valor medio nacional corresponde al nivel D, la energía comercializada por Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A. tiene los siguientes valores:

Emisiones de dióxido de carbono
Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A.



Residuos radiactivos alta actividad
Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A.



Enquisa da UDC sobre residuos Universidade da Coruña

<https://emapic.es/custom/pegada-ecoloxica/residuos>

Enquisa sobre a pegada ecolóxica incidindo nos hábitos de consumo persoal e na xestión de residuos.

Completa coa maior sinceridade as preguntas que se formulan, e terás unha análise cuantitativa do teu consumo e a túa contribución na xestión dos residuos, comparada coa media da poboación.

Enquisa e calculadora online da pegada ecolóxica dos residuos

- 1) Descrición e instrucións
- 2) 30 preguntas
- 3) Resultado e mais info: consellos
- 4) Localización no mapa

Calculadora de pegada ecolóxica por mobilidade

Proxecto da UDC sobre pegada ecolóxica

<https://emapic.es/custom/pegada-ecoloxica/mobilidade>

Nesta calculadora haberá que introducir os nosos movementos e os medios de transporte que utilizamos, para obter o resultado en pegada de carbono (emisións de CO₂ asociadas).

Coñecer e analizar o impacto ambiental dos nosos hábitos de mobilidade, para ser conscientes, avaliar alternativas máis sustentábeis e planificar actuacións de mellora.

Estímase que na UE o 12% das emisións totais de CO₂ á atmosfera proceden de desprazamentos en automóbil, e en España esta cifra ascende ao **28%**.

O transporte causa importantes impactos no medio ambiente:

- Directamente: ocupación dos espazos naturais p.ex. novas estradas, aparcadoiros...
- Indirectamente: obtención de materias primas, fabricación de vehículos...
- Emisións de gases contaminantes: efectos nocivos para as persoas e o medio. Os Gases de Efecto Invernadoiro (GEIs) son os principais causantes do cambio climático por actividade humana, especialmente CO₂.

Calculadora de pegada ecolóxica por consumo enerxético


Proxecto da UDC sobre pegada ecolóxica

<https://emapic.es/custom/pegada-ecoloxica/enerxia>

Con esta calculadora podes medir o tamaño da túa pegada ecolóxica en relación á enerxía, tanto en cantidade como en tipoloxía, segundo o tipo de combustible que utilices.


FAITE COA FACTURA DO ÚLTIMO

MES: A partir dos datos introducidos, analízase o teu caso e ofrécese un breve diagnóstico do teu modelo de consumo de enerxía, con suxestións para que sexas quen de utilizala cada vez con maior eficiencia e responsabilidade.





Consumimos actualmente 12.000 millóns de toneladas equivalentes de petróleo (tep), cifra da mesma orde de magnitude que a enerxía contida en toda a produción primaria da Terra (estimada en 50.000 millóns de tep). Esta comparación simple serve de reflexión en termos enerxéticos: rozamos os límites do equilibrio natural do noso planeta.

Resultados RESIDUOS: accede directamente ao mapa en <https://emapic.es/custom/pegada-ecoloxica/residuos/results>



Resultados MOBILIDADE: accede directamente ao mapa en <https://emapic.es/custom/pegada-ecologica/mobilidade/results>



sa ecolóxica por mobilidade (kg CO₂/ano)



Ver respostas


Datos xerais

- Pegada ecolóxica por mobilidade: 9408 kg CO₂/ano
- Relación coa UDC: estudante
- Xénero: masculino
- Idade: menos de 25 anos
- Data de resposta: 17/3/2021
- Código de grupo: PAA199


Datos de mobilidade

- Tipo de listado de traxectos: global
- 2 traxecto(s):
 - Traxecto 1
 - Media: autobús
 - Distancia: 3,6 km
 - Frecuencia: 5 veces á semana durante 44 semanas ao ano
 - Motivo: educación
 - Pegada ecolóxica: 3188 kg CO₂/ano
 - Traxecto 2
 - Media: coche só
 - Distancia: 2 km
 - Frecuencia: 2 veces á semana durante 52 semanas ao ano
 - Motivo: ocio
 - Pegada ecolóxica: 624 kg CO₂/ano

Resultados ENERXÍA: accede directamente ao mapa en <https://emapic.es/custom/pegada-ecologica/enerxia/results>




Resultados AUGA: accede directamente ao mapa en <https://emapic.es/custom/consumo-auga-udc/results>




Exposición sobre a Pegada ecolóxica (16 paneis)

SOLICITA E FAI A TÚA EXPOSICIÓN! (oma@udc.gal)

https://www.udc.es/export/sites/udc/sociedade/medio_ambiente/_galeria_down/pegada_ecoloxica/expoPegadaEcoloxica.pdf_2063069239.pdf





<https://emapic.es/custom/oma>

oma@udc.gal